

7 A arte románica

A arte románica desenvolveuse en Europa Occidental entre os séculos XI e XII. Foi o estilo do mundo feudal, no que se construíron igrexas e mosteiros. A igrexa foi a principal construción da arte románica e representaba a gloria de Deus na Terra.

A pintura e mais a escultura dependían das formas da arquitectura e tiñan unha función **didáctica** (ensinarlles coma nun libro a doutrina cristiá aos fieis), **moralizante** (axudar a distinguir o ben do mal) e **decorativa** (cubrir os fríos muros de pedra).

A ARQUITECTURA

As igrexas románicas utilizaron a **planta de cruz latina**, que simboliza o lugar onde morreu Xesucristo.

O brazo máis longo, que aloxa as **naves**, crúzase con outro máis curto chamado **transepto**. O espazo onde se unen os dous brazos chámase **cruceiro**.


A cabeceira está constituída por unha **ábsida** central de forma semicircular onde está o altar, rodeada de pequenas **absidiolas**.

Para cubrir as igrexas usáronse as **bóvedas de canón**, de forma semicircular. Máis adiante, o cruzamento de dúas bóvedas de canón deu lugar á **bóveda de aresta**.


Para reforzar os muros, no interior das igrexas colocábanse enormes **piares** ou **columnas**.

O **arco de medio punto**, que tiña a forma de media circunferencia, usábase para unir os piares dos muros.

PLANTA DE CRUZ LATINA



UNHA IGREXA ROMÁNICA



B A PINTURA

A pintura ocupaba a meirande parte dos muros interiores e da ábsida das igrexas. Caracterízase por ser tecnicamente moi sinxela, con representacións planas, que non representan nin profundidade nin volume.

As figuras adoitan marcar o contorno con **grossas liñas**, preséntanse sempre de forma **frontal**, e teñen un marcado **hieratismo**. Malia iso, amosan unha grande **expresividade**.

Os **motivos** máis utilizados son as escenas da Biblia, os Evanxeos e as vidas de santos. Tamén se amosan representacións da vida cotiá das persoas, pero sempre cun contido moral.

O PANTOCRÁTOR

Representa Cristo en actitude de bendicir, dentro dunha forma amendoada chamada **mandorla** e rodeado dos catro evanxelistas.



Pantocrátor de Santo Isidoro de León.

C A ESCULTURA

A escultura debía adaptarse á superficie sobre a que se esculpía. Localizábase en partes moi concretas da igrexa: portadas, chapiteis, columnas, cornixas...

As figuras eran **hieráticas**, isto é, ríxidas e sen perspectiva e a maioría tiña un contido simbólico e espiritual.

Un dos grandes elementos esculpidos eran os chapiteis das columnas dos claustros.



Chapitel.

A PORTADA ROMÁNICA



Pórtico de San Pedro de Moissac.

Le e comprende


1. Define: nave, bóveda, ábsida, transepto, cruceiro, hierático, simbólico, espiritual e cotián.
2. Debuxa unha planta de cruz latina e escribe as súas partes. Despois describe como eran as igrexas románicas.
3. Que función tiñan a pintura e a escultura románicas?

Aprécia a arte

4. Describe o Pantocrátor. Que crees que se lles quería transmitir aos crentes situándoo na parte principal da Igrexa?

FICHAS ARTE ROMÁNICO

Conceptos




...NAVE:

DEFINIÇÕES

CADA UNHA DAS PARTES EN QUE SE DIVIDE O EIXO LONXITUDINAL E O TRANSEPTO ;HAI NAVES CENTRAIS E LATERAIS

..bóveda

BÓVEDA DE CRUZARÍA:



UTILÍZASE para cubrir espazos coma as naves das igrexas ou templos seguindo un eixe lonxitudinal.

Tipos:

..**BÓVEDA DE CAÑÓN**:.Bóveda xerada pola prolongación dun arco de medio punto de maneira lonxitudinal. É típico da arquitectura romana e o será logo da románica, renacentista e barroca



..**BÓVEDA DE ARESTAS**:Bóveda formada pola intersección de dúas bóvedas de cañón en ángulo recto, o cal xera arestas onde se cortan. É usada de forma masiva en Roma, será típica da arte románico, substituída pola bóveda de crucería no gótico e recuperada co Renacemento.



..ábsida



(deriva do grego:Apsis-apsidós= arco))

..parte do templo,abovedada e comúnmente semicircular o poligonal (testero) que sobresaí da fachada posterior ou cabeceira ,é un pouco continuación do que os ROMANOS chamaban- EXEDRA,- nas BASÍLICAS.

..normalmente instalábanse o altar e o presbiterio ;comúnmente están cuberto por unha bóveda °

..normalmente é semicircular pero pode ser tamén poligonal

..NO EXTERIOR coordinaban seis volúmenes en varios escalonamentos ;o normal era a inserción dun volumen semicircular ao final dunha planta rectangular


..tamén hainos rectangulares ou poligonais

..no románico eran semicirculares ,no gótico poligonais e no RENACEMENTO e posteriores rectangulares .

..tamén está o TRICONQUE ou Trebolado (na cabeceira temos 3 absides(un principal e outros dous subsidiarios)


(*)presbiterio!

..transepto



..BRAZO que corta perpendicularmente áo brazo lonxitudinal

..cruceiro



..punto de intersección entre o brazo lonxitudinal e o transversal ou transepto ,ao exterior levántase sobre éste espazo unha cúpula,torre ou ciborio :



..hierático



..representación escultórica ou pictórica de figuras cas sen expresión ,rígidas,coma a estatuaria EXIPCIA ,por exemplo o **pantocrátor OU DEUS-XUIZ**

..simbólico

..EN ARTE representa unha linguaxe determinada pra expresar unha idea ,exemplo: PANTOCRATOR =xuizo final,deus coma DEUS -xuíz


..espiritual

..Moi en contacto con deus

..cotián

Aspectos da vida diaria ,que ten relación co día a día do home

..2..Debuxa unha pranta de cruz latina e SINALA as partes :



..3.. Qué función tiñan a **ESCULTURA E PINTURA ROMÁNICA**?

„tiña a función de adoctrinar á dente con PAISAXES sacados do vello testamento sobre todo

..4..Describe o **PANTOCRÁTOR** :**QUÉ** crees que se lles quería transmitir aos fiéis situándoos na parte principal da igrexa ?

..O Pantocrátor, que significa “**todopoderoso**” en grego, era unha das representacións máis estendidas e na súa iconografía móstrase a Cristo de forma mayestática, bendicindo coa súa man dereita e co evanxeo sostido pola man esquerda, mentres nos mira de fronte con expresión severa que impón



8 O Románico na Península Ibérica

A arte románica difundíuse na Península Ibérica a través do Camiño de Santiago desde finais do século X, e acadou a súa plenitude nos séculos XI e XII.

Espallouse polos reinos cristiáns do Norte peninsular, nun territorio que raramente excedeu os ríos Ebro e Tago.

A arte románica tivo un especial protagonismo en Galicia, mantendo as súas principais características ata ben entrado o século XIII.

A ARQUITECTURA

Na difusión da arquitectura románica, podemos distinguir dúas etapas cronolóxicas:

- O **Románico inicial**, de finais do século X e inicios do século XI, que se deu sobre todo en Cataluña e Aragón. Eran unhas igrexas de reducido tamaño cun campanario.
- O **Románico puro**, nos séculos XI e XII, que se espallou por todos os reinos cristiáns.

O ROMÁNICO GALEGO

Este estilo desenvolveuse nos mosteiros durante os séculos XI e XII. A Ribeira Sacra e tamén a Ribeira do Miño son as zonas que concentran un maior número deles.

Tamén construíronse importantes catedrais. Á parte de Santiago de Compostela, as de Mondoñedo, Lugo e Ourense son algunhas das máis salientables.

En arquitectura civil destaca o pazo arcebispal de Santiago de Compostela.



Interior da catedral de Santiago de Compostela. A nave central está cuberta por unha bóveda de canón, séculos XI-XII.


A ARQUITECTURA ROMÁNICA



AS IGREXAS DO CAMIÑO DE SANTIAGO

Ao longo do Camiño atópanse igrexas e mosteiros que seguen o modelo das igrexas románicas francesas.

Este novo estilo chegou desde Francia a través das vías de peregrinaxe.




Exterior de San Martín de Frómista (Palencia), cuxa construción se iniciou no ano 1066.

A INFLUENCIA MUDÉXAR

Algunhas igrexas teñen influencia mudéjar (da arte andalusí).

Distínguense polo uso do ladrillo e polas arcarías cegas pegadas nos muros.



Igrexa de San Tirso de Sahagún (León), construída durante o século XII.

B A ESCULTURA E A PINTURA

As igrexas románicas da Península Ibérica contan con moitas mostras de escultura, pero salientan pola súa excepcionalidade o *Pórtico da Gloria* de Santiago de Compostela e o claustro de Santo Domingo de Silos (Burgos).

Moitas das igrexas románicas de España estaban decoradas con **pinturas ao fresco** nos seus muros, que representaban escenas dos evanxeos. Tamén adoitaban cubrirse os altares con frontais de madeira pintados.

En pintura, as condicións climáticas adversas de Galicia ocasionaron a práctica descomposición da pintura mural. Por este motivo, as pinturas non se conservaron ata a actualidade.



Frontal de altar dos Apóstolos (Lleida), século XII. Representa a Xesucristo nunha dupla mandorla, rodeado por grupos de apóstolos.

Le e comprende

1. Define: *tosco*, *mudéjar* e *iconográfico*.
2. En que zonas da Península se desenvolveu a arte románica? En que época? Razoa por que non hai igrexas románicas no Sur da Península.
3. Explica os tipos de arquitectura románica da Península Ibérica e de Galicia. Pon algúns exemplos.




O Pórtico da Gloria

Este conxunto escultórico foi realizado polo **Mestre Mateo** e o seu obradoiro entre 1168 e 1188.

No tímpano do arco central atópase a representación principal: o **Pantocrátor** (Cristo en Maxestade), rodeado dos catro evanxelistas, de anxos e doutros personaxes bíblicos nas arquivoltas e nas xambas.

No parteluz eríxese a figura do apóstolo Santiago vestido de peregrino.

A figura central é o Cristo en Maxestade, de maior tamaño que todas as demais.



Aprecia a arte

4. Con datos desta páxina e a información que atoparás en www.tiching.com/745356, responde estas cuestións:
 - En que eixes se divide o Pórtico da Gloria? Quen están representados?
 - Que se representa nos dous arcos laterais? Como se coñece a estatua do Mestre Mateo situada no parteluz?